

PROMOVIDO POLA AELG

Bernardo Atxaga recibe o recoñecemento de Escritor Galego Universal

02.12.2013

O Consello Directivo da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) acordou nomear Escritor Galego Universal ao autor vasco Bernardo Atxaga.

Este recoñecemento, apuntou a AELG, susténtase en "sólidos argumentos", que pasan polo seu "compromiso ético coas causas da dignidade e, en concreto, do pobo vasco" ou por ser creador dunha "extensa e intensa obra", que abrangue o conto, a novela, a poesía e o ensaio.

Con este nomeamento, Atxaga súmase á lista de Escritores Galegos Universais, formada por Mahmoud Darwish, Pepetela, Nancy Morejón, Elena Poniatwska, Juan Gelman, Antonio Gamoneda, José Luis Sampedro e Lidia Jorge.